

ACENTUACIÓN

1. REGRAS XERAIS DE ACENTUACIÓN

A) Palabras agudas

Levan acento gráfico as palabras que rematan en:

- **vogal:** *mañá, carné, avó.*
- **n:** *ourensán, balón, ninguén.*
- **s:** *mazás, mandís, cafés.*
- **ns:** *anciáns, reféns, pantalóns.*

Non levan acento gráfico as palabras:

- rematadas en ditongo decrecente: *bebeu, saltou, mirei, españois.*
- rematadas en consoante que non sexa –n ou –s: *animal, andar, rapaz.*

B) Palabras graves

Acentúanse graficamente as palabras que acaban en:

- **consoante** distinta de –n ou –s: *téxtil, cáliz, réptil.*
- **Grupos consonánticos** distintos de –ns: *bíceps, álbums.*

Non se acentúan as palabras graves rematadas en **vogal, vogal+n, s** ou **ns**:
ama, lapis, canons, dolmens.

C) Palabras esdrúxulas

Sempre levan acento gráfico: *tépedo, mágoa, árbore, lámpada.*

2. CASOS ESPECIAIS

A) Acentuación de i, u en hiato

As vogais *i, u* tónicas acentúanse graficamente cando van antes ou despois dunha vogal átona, para indicar que ámbalas dúas vogais pertencen a sílabas distintas e que, polo tanto, non forman ditongo: *xuízo, dicía, raíl, muíño, miúdo, saúde.*

B) Adverbios rematados en –mente

Non se acentúan nunca, por tratarse de palabras graves rematadas en vogal:
ultimamente, unicamente, soamente.

C) Acentuación de latinismos e estranxeirismos

Seguen as regras de acentuación enunciadas anteriormente: *vermú, xampú, accésit, béisbol, superávit, búmerang, déficit, hábitat.*

D) **que, quen, como, cal, canto, cando, onde** non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas: *Cal queres?, cando vés?, quen cho deu?, como chovía!*

En cambio poden levalo cando introducen interrogativas ou exclamativas indirectas: *Xa sabes cómo lle custou, Dime qué queres.*

E) **Monosílabos**

As palabras monosílabas non se acentúan graficamente a excepción dos monosílabos diacríticos: *ra, bo, un, fe, ri, la*.

a (artigo; pron.; prep.)	á (a+a artigo; subst. “ala”)
as (artigo; pron.)	ás (a+a artigo; subst. “alas”)
bola (peza de pan)	bóla (esfera)
ca (conxunción)	cá (ca a)
cas (preposición)	cás (ca as)
cha (che+a)	chá (“plana”)
chas (che+as)	chás (“planas”)
co (con+o)	có (ca o)
cos (con+os)	cós (ca os; subst.)
compre (“merque”)	cómpre (“é mester”)
compren (“merquen”)	cómpren (“son mester”)
da (de+a)	dá (pres. e imp. de <i>dar</i>)
das (de+as)	dás (pres. de <i>dar</i>)
do (de+o)	dó (“compaixón”)
e (conx.)	é (pres. de <i>ser</i>)
fora (antepret, de <i>ser</i> ou <i>ir</i>)	fóra (adv.)
ma (me+a)	má (“ruín”)
mas (me+as)	más (“ruíns”)
mais (conx.)	maís (adv. e pron.)
no (en+o)	nó (subst.)
nos (pron. átono; en+os)	nós (pron. tónico; pl. de <i>nó</i>)
o (artigo; pron.)	ó (a+o)
os (artigo; pron.)	ó (a+os)
oso (animal)	óso (do corpo)
pe (letra)	pé (parte do corpo)
pola (“galiña”; por+a)	póla (“rama”)
polas (“galiñas”; por+as)	pólas (“ramas”)
por (prep.)	pór (“poñer”)
presa (<i>prendida; manchea; encoro</i>)	présa (“apuro”)
se (conx.; pron.)	sé (“sede eclesiástica”; imp. de <i>ser</i>)
so (prep.)	só (adv, e adx.)
te (pron.; letra)	té (“infusión”)
ven (pres. de <i>ver</i> ; imp. de <i>vir</i>)	vén (pres. de <i>vir</i>)
ves (pres. de <i>ver</i>)	vés (pres. de <i>vir</i>)
vos (pron. átono)	vós (pron. tónico)